CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

| | |
|---|---|
| **Proxecto** | *Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de Esmorode y San Cristovo* |
| **Plano** | Plano provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019 (POS+2019) |
| **Código obra** | 19.2000.0239.0 |
| **Orzamento** | 248262,32 € (21 % IVE incluído) |
| **Licitación (PLCSP)** | 2019/C003/00007. Data: 20/09/2019 |
| **Procedemento** | aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática |
| **Tramitación** | ordinaria |

**Lugar**: sala de xuntanzas da alcaldía

**Sesión núm.**: 1

**Tipo de sesión**: ordinaria

**Data**: **21 de outubro de 2019 (luns)**

**Hora de comezo**: 14:14 h

**Hora de remate**: 14:40 h

ASISTENTES

- David Barbeira García, alcalde, presidente
- Ana Beatriz Oveja Villafañe, secretaria xeral en acumulación de funcións da Corporación (PR da DXAL do 02/08/2019), vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor en acumulación de funcións da Corporación (PR da DXAL do 02/10/2019), vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario axunto a secretaría, como secretario da mesa, con voz e sen voto

A secretaria xeral en acumulación de funcións e o interventor municipal en acumulación de funcións asisten e exercitan o dereito de voto por medios telemáticos e videoconferencia, respectivamente.

Asesoramento informático
- o informático docente de inclusión dixital municipal, Marcelo Recarey Alves.

ORDE DO DÍA

1. Constitución da mesa de contratación
2. Apertura do sobre *B: declaración responsable e referencias técnicas*
3. Rolda de intervencións

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

**1. Constitución da mesa de contratación**

Foi comprobado polo secretario da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes, acordou constituír a mesa de contratación específica para esta obra.

***2.*** **Apertura do sobre B: *declaración responsable e referencias técnicas***

O secretario informa da data do anuncio da licitación do contrato que foi publicado na *Plataforma de Contratación do Sector Público,* (PLACSP), do Ministerio de Facenda. Tamén informa dos criterios de valoración que rexe a licitación.

As empresas que participan son:

| ☐ | Licitador | Fecha presentación | Firmado | Tipo |
|---|---|---|---|---|
| ☐ | NIF: A15008485<br>Razón Social: ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. | 14-10-2019 13:27 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B15289614<br>Razón Social: CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | 14-10-2019 09:58 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B15121783<br>Razón Social: COSMALCA S L | 14-10-2019 18:16 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: b15261308<br>Razón Social: Construcciones J. Mauri e hijos, s.l. | 11-10-2019 18:25 | Firmado | Electrónica |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ☐ | NIF: A15352735<br>Razón Social: EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 10-10-2019 16:26 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B70134143<br>Razón Social: EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L. | 14-10-2019 12:44 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B15009533<br>Razón Social: FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 14-10-2019 19:21 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B32108334<br>Razón Social: HORDESCON, S.L. | 14-10-2019 10:22 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B36533537<br>Razón Social: MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 14-10-2019 21:42 | Firmado | Electrónica |
| ☐ | NIF: B15608193<br>Razón Social: OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 14-10-2019 11:59 | Firmado | Electrónica |

Na PLACSP se indica que todas as ofertas foron asinadas electronicamente.

Foi acreditado que a documentación que presentan os licitadores referente á declaración responsable que se inclúe no sobre B está correcta e conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, (PCAP), que rexe esta contratación.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Declarar admitidas as proposicións seguintes:

| ☐ | **Licitador** | **Estado del Licitador** |
|---|---|---|
| ☐ | NIF: A15008485<br>Razón Social: ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. | Admitido |
| ☐ | NIF: B15289614<br>Razón Social: CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | Admitido |
| ☐ | NIF: B15121783<br>Razón Social: COSMALCA S L | Admitido |
| ☐ | NIF: b15261308<br>Razón Social: Construcciones J. Mauri e hijos, s.l. | Admitido |
| ☐ | NIF: A15352735<br>Razón Social: EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | Admitido |
| ☐ | NIF: B70134143<br>Razón Social: EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L. | Admitido |

| | Licitador | Estado del Licitador |
|---|---|---|
| ☐ | NIF: B15009533<br>Razón Social: FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | Admitido |
| ☐ | NIF: B32108334<br>Razón Social: HORDESCON, S.L. | Admitido |
| ☐ | NIF: B36533537<br>Razón Social: MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | Admitido |
| ☐ | NIF: B15608193<br>Razón Social: OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | Admitido |

2 Publicar este acordo na PLACSP.

3 Comunicar aos licitadores.

O presidente ordena abrir os arquivos ou sobres electrónicos B no apartado de *Referencias técnicas. Criterios non avaliables de forma automática,* das empresas admitidas.

| Empresa licitadora | Programa de traballo<br><br>12.B.1) | Actuación ambiental<br><br>12.B.2) | Plan de control de calidade<br><br>12.B.3) | Esquema do plan de seguridade<br><br>12.B.4) |
|---|---|---|---|---|
| NIF: A15008485<br>Razón Social: ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B15289614<br>Razón Social: CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B15121783<br>Razón Social: COSMALCA S L | Si | Si | Si | Si |
| NIF: b15261308<br>Razón Social: Construcciones J. Mauri e hijos, s.l. | Si | Si | Si | Si |
| **Observacións:**<br>Razón Social: Construcciones J. Mauri e hijos, s.l. | Na elaboración da oferta: anticipa ao sobre B uns criterios de adxudicación que debían engadirse no sobre C por ser automático. | | | |
| NIF: A15352735<br>Razón Social: EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B70134143<br>Razón Social: EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B15009533<br>Razón Social: FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B32108334<br>Razón Social: HORDESCON, S.L. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B36533537<br>Razón Social: MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | Si | Si | Si | Si |
| NIF: B15608193<br>Razón Social: OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | Si | Si | Si | Si |

Logo de revisar a documentación de todas as empresas, a mesa considera que é correcta agás a da empresa *Construcciones J. Mauri e Hijos, SL* xa que logo anticipa ao sobre B uns criterios de adxudicación que debían engadirse no sobre C por ser criterios avaliables automaticamente. É un defecto non emendable polo que o licitador debe ser excluído e non continuará na licitación.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Excluír ao licitador que non continuará na licitación ao non ser defecto emendable:

| | |
|---|---|
| Licitador | NIF: B15261308 Razón Social: *Construcciones J. Mauri e hijos, s.l.* |
| Motivo/s exclusión | **Falta de dilixencia na elaboración da oferta: anticipar ao sobre B, un criterio de adxudicación que debía engadirse no sobre C por ser automático (artigo 146.2 da LCSP).** |
| Normativa aplicable | - o artigo 146.2 da LCSP: *en todo caso, a avaliación das ofertas conforme os criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a daqueloutros criterios en que non concorra esta circunstancia, do cal se deixará constancia documental.*<br>- o artigo 84 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en adiante RXLCAP), referente á apertura de proposicións, establece que "se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola Mesa en resolución motivada. Pola contra, o cambio e omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal que únoo ou o outro non altere o seu sentido non será causa bastante para o rexeitamento da proposición".<br>- o artigo 26 do RD 817/2019, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público: *a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se efectuou a valoración de aqueles.*<br>- a cláusula 15.2 do PCAP: *non garda concordancia coa documentación examinada e varía substancialmente o modelo establecido*.<br>- as cláusulas 12, 12..B e 12.C do PCAP: *12) Proposicións: documentación. Presentarase en dous sobres ou arquivos electrónicos denominados: - Arquivo ou sobre electrónico B. - Arquivo ou sobre electrónico C*<br>12.B. Sobre B: Subtitulado "*Documentación administrativa e Referencias técnicas". Criterios non avaliables de forma automática*.<br>*12.C. Sobre C: "Oferta económica e referencias valorables automaticamente"*<br>*Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:* |
| Sentenzas TXCE | - O principio de igualdade de trato implica que todos os licitadores deben acharse en pé de igualdade tanto no momento de presentar as súas ofertas como ao ser valoradas estas por a entidade adxudicadora (Sentenza TJCE do 25 de abril de 1996, Comisión/Bélxica). Así, da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea despréndese que o respecto ao principio de igualdade de trato implica, non só a fixación de condicións non discriminatorias para acceder a unha actividade económica, senón tamén que as autoridades públicas adopten as medidas necesarias para garantir o exercicio da devandita actividade. Principio este que é a pedra angular sobre a que se fan descansar as Directivas relativas aos procedementos de adxudicación de contratos públicos (Sentenza TJCE do 12 de decembro de 2002, Universidade- Bau e outros). A esta esixencia obedece que os artigos 145.2 e 160.1 do TRLCSP establezan que as proposicións dos interesados contendo as características técnicas e económicas deben manterse secretas ata o momento en que deban ser abertas. |

| | |
|---|---|
| | - A STJUE do 29 de marzo de 2012 (asunto C599/10): é o licitador quen debe responsabilizarse da corrección da súa oferta: "a falta de claridade da súa oferta non é senón o resultado do incumprimento do seu deber de dilixencia na redacción da mesma, ao que están suxeitas de igual maneira que os demais candidatos" e como sinala a xa citada STJUE do 29 de marzo de 2012 (asunto C-599/2010) ao indicar que "unha vez presentada a súa oferta, en principio esta última non pode ser xa modificada, nin a proposta do poder adxudicador nin do candidato". A Resolución 1203/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ( TACRC) engade, respecto diso: "Respecto á oferta técnica, declaramos...debendo soportar o licitador as consecuencias do incumprimento do seu deber de dilixencia na redacción da oferta" (Resolución 016/2013), conclusión que se infire da doutrina sentada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, Sala Cuarta, do 29 de marzo de 2012 (asunto C-599/2010). |
| Resolución TACRC | Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais<br>Recurso núm. 83/2018 C.A. Galicia 10/2018. Resolución núm. 239/2018, do 12/03/2018 |
| Resolución TACGAL | Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CC.AA de Galicia<br>Recurso núm. 100/2018. Resolución núm. 92/2018, do 19/10/2018. |

2 Achegar aos servizos técnicos do órgano de contratación o sobre B: apartado subtitulado *Referencias Técnicas*, *criterios non avaliables de forma automática mediante fórmulas* dos licitadores admitidos, para a valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adxudicación non avaliables de forma automática, logo de ver a documentación incluída polos licitadores no apartado do arquivo ou sobre electrónico B indicado arriba.

No expediente quedan todas as propostas presentadas.

**3. Rolda de intervencións**

Non se realiza intervención ninguna.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa — O presidente da mesa

Evaristo Lois Rama — David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)